



DELEGACIÓN DIOCESANA de CATEQUESE

Delegado: **D. José Vidal Novoa**
(Tel.: 986 276 928 * catequese@diocesetuivigo.org)

Curso 2011-12

Obxectivos

A exhortación post-sinodal *Verbum Domini* de Benedicto XVI está na base da programación pastoral da Delegación de Catequese.

Son varias as razóns que nos levan a tomar esta opción:

- A importancia e transcendencia que terá *Verbum Domini* para a vida e misión da Igrexa.
- A comunión coa Diocese, que presenta unha programación pastoral centrada na *Verbum Domini*, e que ten como obxectivo: «Revalorizar a Palabra de Deus como corazón da vida e misión da Igrexa e fonte de renovación constante».
- A tarefa coordinada cos Secretariados de Catequese de Galicia, que temos como lema para o curso 2011-2012: «A Palabra de Deus, corazón da catequese».

En base a isto, a Delegación de Catequese propón tres obxectivos para o curso 2011-2012:

1. *Promover un maior uso da Sagrada Escritura na catequese*
(cf. Plan Pastoral Diocesano. Obxectivo 1. Liña de Acción Parroquial, 4)
2. *Acentuar os aspectos vivenciais e celebrativos da Palabra de Deus*
(cf. Plan Pastoral Diocesano. Obxectivo 2. Liña de Acción Parroquial, 2)
3. *Potenciar unha mellor formación bíblica entre os catequistas.*
(cf. Plan Pastoral Diocesano. Obxectivo 1. Liña de Acción Parroquial, 1)

Accións e medios

OBXECTIVO 1: Promover un maior uso da Sagrada Escritura na catequese.

1. *Promover unha maior difusión entre os catequizandos dos materiais de contido bíblico: “A Biblia... en familia” e “Historia dos amigos de Deus”.*
2. *Insistir na aprendizaxe de oracións bíblicas, dalgúns frases ou pasaxes significativas da Sagrada Escritura.*

OBXECTIVO 2: Acentuar os aspectos vivenciais e celebrativos da Palabra de Deus.

1. *Coidar, especialmente na Misa con nenos, a Liturxia da Palabra: xestos, aclamacións, cantos, etc.*
2. *Impulsar actividades complementarias, á catequese en coordinación con outras delegacións ou organismos, en especial de carácter bíblico.*

OBXECTIVO 3: **Potenciar unha mellor formación bíblica entre os catequistas.**

1. *Elaborar un folleto para dar a coñecer a Verbum Domini* entre catequistas, axentes de pastoral, e segrares en xeral, para que sexa alimento da súa vida e espiritualidade. O desexable é a través de reunións de grupo. Onde non se poida realizar deste xeito sempre se poderá facer de maneira individual.

2. *Fomentar que se difunda a Sagrada Escritura* entre o pobo cristián

Outras accións

1. **Celebrar, no inicio de curso, o “Día da Catequese” nas parroquias** para: sensibilizar á comunidade parroquial, animar aos catequistas e potenciar a catequese.

Ofrécese gratuitamente desde a Delegación: *Cartel, Folleto de inicio de curso, Carpeta de formación e Fichas de inscrición.*

2. **Promover a formación de catequistas.** Aquelas zonas, arciprestados ou parroquias que queiran organizar unha escola de catequistas, ou que desexen ter algún outro tipo de encontro, pódense poñer en contacto coa Delegación Diocesana de Catequese para establecer un calendario.

3. **Divulgar os materiais existentes** para o proceso catequético de iniciación cristiá nas distintas idades. Material para os catequizandos, para catequistas e para pais.

4. **Ultimar o material para a confirmación de adultos**, así como establecer uns criterios básicos que axuden a estas persoas a rematar o seu proceso de iniciación sacramental.

5. **Promover o uso de materiais complementarios** e audiovisuais para acadar unha maior riqueza expresiva nas nosas catequese.